



## PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

### **Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa do servizo para a xestión e explotación da cafetería do Parlamento de Galicia.**

I. O 12 de setembro de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen esta contratación, mediante procedemento negociado (ao abeiro do artigo 170.c do TRLCSP), tramitación ordinaria e por un valor estimado de 440.000,00 €, IVE excluído.

II. O 14 de setembro de 2016 foron remitidas invitacións as seguintes empresas:

- Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE.
- Galicia Vella de inversiones y Logística, S.L.
- Samaná Hostelería, S.L.
- Sala Gradín, S.L.
- Digoclau, S.L.

Rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición as cinco empresas convidadas.

III. De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 25 de outubro de 2016 se reúne no Pazo do Parlamento a Comisión negociadora que procedeu ao estudo, análise e informe inicial das proposicións presentadas, no que se manifesta o seguinte:

- Galicia Vella de inversiones y Logística, S.L.: non presentou declaración de adscrición de medios. Ao teor da cláusula sexta e do apartado 14 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas estableceuse como obriga contractual esencial o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que a xuízo do órgano de contratación deberían cumprir os requisitos da cláusula sexta do prego de prescricións técnicas; para estes efectos os licitadores debían presentar a declaración de adscrición de medios do anexo IV do prego, advertindo claramente que non se admitiría a participar a ningunha empresa que non acreditara, mediante esta declaración, que os traballadores que desenvolverían a prestación do servizo posuía os devanditos requisitos.

A falta da declaración de adscrición de medios no sobre "A" é un defecto non subsanable, polo tanto procede a súa exclusión do procedemento de contratación.

- Digoclau, S.L.: non presentou declaración de adscrición de medios. Ao teor da cláusula sexta e do apartado 14 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas estableceuse como obriga contractual esencial o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que a xuízo do órgano de contratación deberían cumprir os requisitos da cláusula sexta do prego de prescricións técnicas; para estes efectos os licitadores debían presentar a declaración de adscrición de medios do anexo IV do prego, advertindo claramente que non se admitiría a participar a ningunha empresa que non acreditara, mediante esta declaración, que os traballadores que desenvolverían a prestación do servizo posuía os devanditos requisitos.

A falta da declaración de adscrición de medios no sobre "A" é un defecto non subsanable, polo tanto procede a súa exclusión do procedemento de contratación.

- Samaná Hostelería, S.L.: A oferta do sobre "B" consiste nunha única folla na que se limita a facer unha simple declaración de intencións sobre varios aspectos da prestación do servizo sen especificar absolutamente nada da súa oferta respecto dos criterios de adxudicación suxeitos a xuízos de valor. Esta documentación non permite valorar os distintos criterios de adxudicación e o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas da licitación, tal e como se establece no apartado 17 do cadro de especificacións do contrato.



## PARLAMENTO DE GALICIA

### SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Dado que non era posible avaliar esta oferta, simplemente porque non existe, foi excluída do procedemento de adxudicación.

- Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE: A oferta do sobre "B" consiste nunha memoria moi xenérica cunha declaración de intencións sobre como prestarían o servizo, sen especificar ningún dos apartados establecidos nos pregos para cuantificar mediante os criterios sometidos a xuízos de valor.

Presenta un exemplo de menú cunha planificación para dúas semanas de dúas tempadas e un só menú de comedor. Define tamén 4 variantes de coffee-break e oferta como mellora unha máquina expendedora. A documentación presentada só permitiría valorar parcialmente algúns dos criterios de adxudicación. Ademais esta empresa presenta, no sobre "C", unha oferta de prezo para menús do autoservizo e servizo en mesa que excede ao orzamento máximo establecido nos pregos.

Polo tanto procede excluír tamén a esta empresa para continuar no procedemento de adxudicación.

**IV.** Á vista do informe inicial, e conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas, invitouse a negociar a Sala Gradín, S.L., mediante escrito de 28 de outubro de 2016 (rexistro nº 117), indicando os criterios de negociación recollidos no punto 16 do cadro de especificacións que podían ser obxecto de negociación, e que a nova oferta debería estar orientada reformular e mellorar os termos da súa oferta inicial ou ben indicar que se mantiña nos termos orixinais.

Rematado o prazo concedido, Sala Gradín, S.L. presentou escrito no Rexistro da Cámara (nº 593), no que reformula a súa oferta inicial engadindo á súa inicial proposición o seguinte:

- Instalación fóra das dependencias da cafetería dunha máquina expendedora de bebidas quentes e frías e aperitivos, sen custe engadido, e servizo diario gratuíto de prensa nacional e autonómica nas dependencias da cafetería a disposición dos usuarios da mesma. O resto da proposición inicial mantense nos termos orixinais, sen modificación algunha.

**V.** A Comisión Negociadora reuniuse para finalizar a fase de negociación e para analizar e informar de novo a oferta presentada; do seu análise comprobouse que a reformulación ou mellora dos aspectos mencionados completan a oferta inicial, que no seu conxunto cumpre os requirimentos técnicos e administrativos dos pregos. Á vista de que a oferta de Sala Gradín, S.L. é a única das presentadas que fai nunha proposición que pode ser avaliada e cumpre os requirimentos esixidos, propuxo a Mesa do Parlamento admitila, e requirirlle que presentara a documentación do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

**VI.** Á vista dos informes inicial e final da Comisión negociadora, a Mesa do Parlamento adoptou, na súa reunión do 15 de novembro de 2016, logo do informe favorable da intervención da Cámara, o seguinte Acordo:

1º Excluír ás seguintes empresas do procedemento de contratación:

- Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE, por presentar unha documentación que só permite valorar parcialmente algúns dos criterios de adxudicación, e presentar no sobre C unha oferta de prezo para menús do autoservizo e servizo en mesa que excede ao orzamento máximo establecido nos pregos.
- Digoclau, S.L., por non presentar declaración de adscrición de medios.
- Galicia Vella de inversiones y Logística, S.L., por non presentar declaración de adscrición de medios.
- Samaná Hostelería, S.L., por presentar unha documentación que non permite valorar os distintos criterios de adxudicación e o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas da licitación tal e como se establece no apartado 17 do cadro de especificacións do contrato.



## PARLAMENTO DE GALICIA

### SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

A notificación foi realizada mediante escritos de 18 de novembro de 2016 (registros nos 395, 396, 397 e 398, respectivamente).

2º Requirir á empresa Sala Gradín, S.L., para que presentara a documentación correspondente para, se é o caso, proceder á adxudicación do contrato.

Dito acordo foille comunicado á empresa Sala Gradín, S.L., mediante correo electrónico o 21 de novembro de 2016, e consta recibido pola empresa nesa mesma data.

**VII.** Con data de 28 de novembro de 2016 a empresa Sala Gradín, S.L., presentou no Rexistro da Cámara (registro nº 1675) a documentación requirida (que acredita mediante certificado do rexistro de contratistas de Galicia nº 4340 e a clasificación do Rexistro Oficial de licitadores no grupo M, subgrupo 6, categoría 1), incluído constitución na Intervención da Cámara garantía definitiva mediante o aval nº 10001069128 do Banco Sabadell.

**VIII.** En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:

*1º- Adxudicar o contrato do servizo para a xestión e explotación da cafetería a Sala Gradín, S.L., nos seguintes termos:*

<i>Prezo anual do servizo:</i> .....	110.000,00 €
<i>IVE</i> .....	11.000,00 €
<i>Total</i> .....	121.000,00 €

*Os prezos dos menús, produtos e menús especiais con ocasión de actos institucionais serán os contidos na oferta presentada polo adxudicatario.*

*2º.- Comunicarlles este acordo á empresa adxudicataria, ao resto das empresas licitadoras, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.*

*3º.- A formalización do contrato non se poderá realizar máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.*

*4º.- Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia e na publicación oficial que proceda.*

*5º.- Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*6º.- De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público nos termos indicados no RD. 817/2009.*

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016.

Xefe do Servizo

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA